

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E UN DE XULLO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e un de xullo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día sete de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.190/09 de don Angel Taboada Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun peche de parcela con base de bloques, postes e arame de aproximadamente 90 mts de lonxitude nos estremeiros e con murete de cachotería, postes e arame de aproximadamente 90 mts de lonxitude en frentes e viais, no lugar de Fufín -Vedra, en solo de expansión dos núcleos rurais (N-2) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberá recuar o cerramento 6,00 mts respecto do eixe do vial oeste e 5,00 mts respecto do vial sur, respectando o trazado en curva do empalme; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; res-

pectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado coas cores tradicionais de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de elementos diáfanos e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (#99,55#)

2.2.- Instancia num. 1.231/09 de don Manuel Freiría Regueira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a demolición dun alboio segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela e rehabilitación da vivenda segundo a memoria que se acompaña, situados en Cornado, en solo de núcleo rural de orixe (N1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a demolición axustarase ó proxecto presentado; a fosa situarase a un mínimo de 3,00 metros dos colindantes, incluídos os pozos filtrantes e gardarase a aliñación con respecto ó vial municipal; o peche da parcela nas zonas que sexan de bloque deberán recebase e pintarse en tonos que harmonicen co entorno; e cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos oitenta euros con vinte e nove céntimos (#580,29#)

2.3.- Instancia num. 1.252/09 de don José Angel Albela Albela e don Manuel Núñez Neira

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicitan licenza para proceder á normalización de dúas fincas colindantes coas referencias catastrais 15090A506009090000AM e 15090A506009060000AL correspondentes ás parcelas nº 909 e 906 respectivamente do plano de concentración parcelaria de Sarandón, situadas no lugar de Legarei, da parroquia de San Miguel de Sarandón, emprazadas en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto don Francisco Castelao Canicoba.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo presentar proxecto técnico visado polo Colexio Profesional correspondente, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros



3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza para salón de peiteado en Viño grande

Visto o expediente tramitado a instancia de dona Luisa Cabo Souto en representación de LYS, S.C., segundo instancia núm. 1224 de data 9 de xullo de 2009, con domicilio no lugar de Paradela (San Xián de Sales), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que se dedicará a SALÓN DE PEITEADO, a emprazar no lugar de Viño grande da parroquia de San Andrés de Illobre, deste termo.

Cumpridos os trámites esixidos, resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende e tendo en conta que se trata dunha actividade que non precisa a avaliación de incidencia ambiental establecida no Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

A Xunta de Goberno Local no uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, de 2 de abril de 1985, e Texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado por R. D. Legislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente ordenanza fiscal, acorda conceder a licenza que se solicita para SALÓN DE PEITEADO nos termos do expediente tramitado, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente e que ascenden á cantidade de cento cincuenta euros con vinte e cinco céntimos (#150,25#), que deberá ser ingresada en arcas municipais.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 1 da obra de *Ampliación de saneamiento en Matelo*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Ampliación de saneamiento en Matelo (código 08.3300.0059.0)*, incluída no *Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009*, por importe de oitenta e cinco mil novecentos setenta e un euros con oitenta e oito céntimos (#85.971,88#), sendo o adxudicatario a empresa Manuel Sobredo, S.L e o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación


4.2.- Certificación num. 1 da obra de *ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño (código 08.3300.0058.0)*, incluída no *Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009*, por importe de noventa e cinco mil sesenta e un euros con corenta e dous céntimos (#95.061,42#), sendo o adxudicatario a empresa Manuel Sobredo, S.L e o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de maio do ano que andamos, pola que se acorda solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha axuda ó abeiro da Orde do 1 de abril de 2009 pola que se regulan as



bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de xullo do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións, consistentes na construción de hórreo, que se levaron a cabo ó parecer por don Juan Feijoo Fernández no lugar de Socastro, parroquia de San Mamede de Ribadulla.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de xullo do ano que andamos, pola que se acorda contratar coa aseguradora Allianz as pólizas dos seguros da biblioteca municipal e os vehículos Nissan matrículas 2445-BLH e C-6247-BF

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de xullo do ano que andamos, pola que se designa como coordinador de seguridade e saúde das obras de ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla e ampliación de saneamento en Paradela, incluídas ámbalas dúas no Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de subvencións para actividades dirixidas á xuventude

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria (DOG num. 125/09, do 29 de xuño)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada ó efecto.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta minutos

